

Que propoñer?

Poderán presentarse **propostas relacionadas con actividades ou programas**: festivais e concertos, campañas de sensibilización, accións formativas, obradoiros, etc.

Poden ser de calquera temática: igualdade, diversidade, inclusión, medioambiente, cultura, lecer, deporte, voluntariado, emprendemento, saúde, ciencia, tecnoloxía, saberes, música, etc.

Podes botarlle un ollo ás actividades que se propuxeron noutras edicións aquí:
<https://santiagodecompostela.gal/orzamentoparticipativos>

Como deben ser as propostas?

De **orçamento inferior a 15.000 euros**.

Serán excluídos proxectos que afecten a contratacións vixentes, ou que supoñan gastos de contratación directa de persoal, gastos asociados a mantemento ordinario e á xestión interna do Concello, e subvencións nominativas.

Serán de **interese xeral, non privado**.

Quen pode participar?

Calquera persoa, sen límite de idade, **pode propoñer** actividades ou programas.

Só poden votar as persoas nadas entre 1996 e 2010, empadroadas en Santiago de Compostela, así como aquelas que estudan ou traballan no concello, acreditando con documentación pertinente.

Como é a votación?

Cada persoa pode votar 3 propostas, asignándolle 3 puntos á proposta que máis valora, 2 á seguinte e 1 punto á última **a través de**:

<https://decide.santiagodecompostela.gal>

Pechado o prazo de votación, **comprobarase a validez dos votos** que cumpran os criterios de participación: empadramento, estudos ou traballo no concello de Santiago de Compostela.

NOVEMBRO 2025 -
FEBREIRO 2026

FEBREIRO 2026

FEBREIRO-MARZO
2026

PROPÓN
Informámonos e
facemos propostas!

Facebook Mocidade Compostela
Instagram @mocidade_compostela
Twitter @mocidade_Compos
Tik-Tok @mocidadecompostela
Tlf. OOPP: 604 047 337

AVALIAMOS
a viabilidade das
propostas!



VOTA
as propostas
A túa voz conta!

